



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

Expediente nº 2020/E001/000013

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto nº 513/2021, do 3 de marzo, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego efectuou a convocatoria do proceso selectivo encamiñado á creación dunha lista de espera ou bolsa de traballo complementaria na categoría de persoal de limpeza. No mesmo decreto foron aprobadas as súas bases reguladoras.

A parte dispositiva da dita resolución e do teor literal seguinte:

"1. Efectuar a convocatoria do proceso selectivo encamiñado á elaboración dunha lista de espera ou bolsa de traballo de persoal de limpeza.

2. Aprobar as seguintes

BASES PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA COMPLEMENTARIA DE PERSOAL DE LIMPEZA DO CONCELLO

(...)"

A convocatoria e as bases que a rexen foron obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) nº 45, do 09/03/2021; e tamén foron inseridas na páxina web municipal e publicadas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Logo de transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, mediante o Decreto núm. 597/2021, do 26 de marzo, foi aprobada a relación provisional do persoal aspirante admitido ao dito proceso selectivo. E na mesma resolución -ao non existiren persoas aspirantes excluídas-, elevouse a definitiva a relación inicial ao tempo que se estableceu a composición nominal do tribunal e se fixou o lugar, día e hora de realización da fase de oposición.

Concluído o proceso selectivo o tribunal declara que superaron o proceso selectivo e propón a súa inclusión na lista de espera complementaria da preexistente do persoal aspirante que se relaciona por orde de puntuación.

FUNDAMENTOS LEGAIS

Os fundamentos xurídicos da presente resolución constan no expediente de selección tramitada, e danse por reproducidos.

A competencia para ditar a presente resolución -inicialmente atribuída á Alcaldía polo artigo 21.1, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)- foi delegada na concelleira-delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego mediante o Decreto da Alcaldía núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP nº 121, do 28/96/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º) Aprobar a seguinte **lista de espera complementaria** ou bolsa de traballo de persoal de limpeza, por orde decrecente de puntuación:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

NOME E APELIDOS	GALEGO	OPOSICIÓN	CONCURSO	TOTAL PUNTUACIÓN
LÓPEZ PENA, ANA MARÍA	Celga 2	7,97	1,4	9,37
TORRE LÓPEZ, ISABEL	Perfeccionamento	6,81	2,5	9,31
LEAL NIETO, MARÍA ÁNGELES	Celga 4	6,52	2,5	9,02
PARDO GARCÍA, M.ª BELÉN	Celga 4	7,97	0,4	8,37
PRIETO ESTEIRO, EVA MARÍA	Celga 2	7,97	0,3	8,27
PRIETO FRANCO, M. CARMEN	Celga 4	7,97	-	7,97
PAZ ARDAO, M.ª DEL CARMEN	APTA	5,36	2,5	7,86
FERREIRO BELLAS, M. DEL CARMEN	Celga 4	7,68	-	7,68
PEREIRA CARBÓN, M.ª DEL MAR	Celga 3	6,7	0,95	7,65
PARDO LÓPEZ, M.ª JESÚS	APTA	7,39	0,2	7,59
LÓPEZ BERMÚDEZ, ANA BELÉN	Celga 2	6,81	0,70	7,51
FERNÁNDEZ SANESTEBAN, ANA ISABEL	Inic. / Perfec.	7,39	0,10	7,49
TEMBRÁS PAZ, M.ª ESTHER	Celga 4	5,94	1,5	7,44
PRIETO SILVA, M. CARMEN	Perfeccionamento	7,39	-	7,39
RAMOS CREGO, LAURA	Celga 3	7,39	-	7,39
SOTO SOTO, M.ª EMMA	Celga 4	6,81	0,20	7,01
RIVAS SANTALLA, ANA M.ª	Celga 3	6,7	0,15	6,85
MAGDALENA PENA, M.ª PAZ	Celga 4	6,52	0,30	6,82
BAÑOBRE CARBALLO, BELINDA	APTA	6,70	-	6,70
CAÍNZOS PRIETO, M. CARMEN	APTA	6,70	-	6,70
DA COSTA PACHECO, MARCIO JOSUE	APTO	6,52	-	6,52
LUACES FERREIRO, M. MONTSERRAT	Celga 3	6,52	-	6,52
PITA PIÑON, M.ª ISABEL	Celga 4	6,52	-	6,52
GREGORIO DOPICO, SILVIA	Celga 4	6,23	-	6,23
MARTÍNEZ CASTRO, JESUSA	Iniciación	6,23	-	6,23
PICALLO SANMARTÍN, M.ª JOSÉ	APTA	6,23	-	6,23
FERNÁNDEZ FRANCO, UBALDO	Celga 3	5,07	1	6,07
CARBALLEIRA MONTERO, CARMEN	Celga 3	5,94	-	5,94
ARRIVI RAMIL, M.ª NOELIA	APTA	5,36	0,40	5,76
BLANCO PICO, DOSINDA	APTA	5,65	-	5,65
BOUZA ARIAS, MANUEL	Celga 4	5,65	-	5,65
DA SILVA PACHECO, ALFREDO DINIS	APTO	5,65	-	5,65
REGO TRASTOY, ANTONIO MIGUEL	Celga 4	5,65	-	5,65
VARELA NOVO, YOLANDA	Inic./ Perfec.	5,65	-	5,65

FIRMADO POR ANA MARIA PENA PURRIÑOS (FECHA: 19/05/2021 11:24:00) , Marina Núñez Orjales (FECHA: 19/05/2021 11:44:00)

Decreto N.º: 901/2021 - Fecha de decreto: 19/05/2021
Versión imprimible

CVD: ab/1JenQltq41B1tpXZB
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

CASTRO FREIRE, MARTÍN	Celga 3	5,36	-	5,36
GALEGO GRAÑA, M. JOSÉ	Celga 3	5,36	-	5,36
PRIETO FUENTES, ADELINA	APTA	5,36	-	5,36
RICO RODRÍGUEZ, LORENA	Celga 4	5,07	0,15	5,22

A presente lista de espera é complementaria da resultante do proceso de selección tramitado no procedemento 2020/E001/000010 e aprobada a través do Decreto núm. 2067/2020, do 29 de decembro.

2º) Publicar a presente resolución na páxina web municipal e no taboleiro electrónico municipal (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/openams/es/información/>).

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificado a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14,1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia a anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data á marxe indicada